


PROGRAMACIÓN EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



IES AS TELLEIRAS

CURSO 2019/20

PROGRAMACIÓN

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

1.- Planificación sociolingüística do centro. Introducción.

2.- Deseño da Planificación Lingüística.

2.1.- Plan Xeral para o uso do idioma.

2.1.1.- Emprego da lingua galega nas actividades do centro.

2.1.2.- Valoración positiva do uso do galego por parte da comunidade educativa.

2.1.3.- Mellora da competencia lingüística da comunidade educativa.

2.2.- Plan específico para o uso do idioma. Actividades de dinamización lingüística.

2.2.1.- Análise sociolingüística.

2.2.2.- Análise das actividades.

2.2.3.- Temporización.

2.2.4.- Recursos utilizados.

2.2.5.- Destinatarios das actividades.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

1.- PLANIFICACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO. INTRODUCCIÓN

A planificación sociolingüística dun centro educativo baséase na consecución duns obxectivos realistas a curto, medio e longo prazo que leve o alumnado a acadar os obxectivos lingüísticos recollidos na lexislación, independentemente de cal sexa a súa lingua inicial.

Elaboraremos unha serie de documentos onde debemos recoller, partindo da realidade sociolingüística do centro, os obxectivos que se pretenden acadar e o conxunto de medidas que se deben poñer en práctica de xeito gradual ó longo do tempo.

Esta planificación debe garantir:

- Que o alumnado que ten o galego como lingua habitual siga mantendo a súa lingua e consolidar unha competencia plena nela.
- Que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira suficiente competencia en galego.

2.- DESEÑO DA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

2.1.- PLAN XERAL PARA O USO DO IDIOMA

É competencia do Equipo de Dinamización da lingua galega propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica (para a súa inclusión no Proxecto Curricular), o Plan Xeral para o uso do idioma. Este Plan consta, como dita a lexislación, de tres grandes apartados referentes ao emprego do idioma, á súa valoración positiva e á mellora da competencia lingüística. Para os obxectivos propostos en cada apartado acordáronse unhas medidas para a súa consecución, uns recursos a empregar - tanto persoais como materiais - , unha temporalización e a súa avaliación - procedemento e avaliadores-.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

2.1.1.- EMPREGO DA LINGUA GALEGA NAS ACTIVIDADES DO CENTRO.

No relativo ao uso do idioma galego nas actividades do centro propóñense os seguintes obxectivos:

- **EMPREGAR A LINGUA GALEGA COMO VEHÍCULO DE EXPRESIÓN NAS RELACIÓNS DE CARÁCTER OFICIAL, TANTO INTERNAS AO CENTRO COMO EXTERNAS A EL.**

As **medidas** para a consecución deste obxectivo serían:

1. Desenvolvemento das tarefas dos distintos órganos de goberno e docentes en lingua galega.
2. A comunicación do centro coas distintas administracións farase sempre en lingua galega.
3. A coordinación do labor docente entre todos os membros da comunidade educativa terá como código comunicativo o galego.

Os **recursos** tanto materiais como persoais empregados serían os seguintes:

Materiais:

- Documentos oficiais.
- Libros de rexistro.
- Libros de actas.
- Programacións didácticas.
- Circulares.

Persoais:

- Órganos de goberno colexiados.
- Órganos de goberno non colexiados.
- Órganos de coordinación docente.
- Claustro.
- Consello escolar.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

A **Temporalización** destas medidas será permanente e a **Avaliación** das mesmas, que corresponderá ao Equipo directivo e ao Equipo de Dinamización Lingüística, consistirá na observación dos distintos documentos e valoración final plasmada na memoria anual.

● **AUMENTAR PROGRESIVAMENTE O USO DO IDIOMA GALEGO NAS RELACIÓNS DE CARÁCTER NON OFICIAL, TANTO INTERNAS COMO EXTERNAS AO CENTRO.**

Neste caso as **medidas** para a consecución dos obxectivos previstos serán:

☐ Realizaranse todos os actos (contacontos, festivais, obras de teatro, conmemoracións...) aos que ten acceso toda a comunidade educativa en lingua galega.

☐ Toda a información trasladada ao profesorado e ás familias, oral ou escrita, farase empregando o idioma galego: notas informativas, convocatorias de reunións...

Os **recursos** empregados con este fin, tanto materiais como persoais serían: taboleiros informativos, comunicacións, correos electrónicos.....e participarían tanto alumnado como profesorado e familias.

Correspóndenos a nós mesmos, o profesorado e equipo directivo, a **autoavaliación** destas medidas

2.1.2.- VALORACIÓN POSITIVA DO USO DO GALEGO POR PARTE DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

- Incidir, por medio da información e a explicación argumentada e científica, na comunidade escolar para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.
 - Fomentar a adquisición da lectura e a escrita en galego, coa perspectiva de que se converta no idioma base da aprendizaxe escolar.
 - Estimular nas novas xeracións actitudes favorables cara a un uso xeneralizado do galego, superando vellos prexuízos, presións globalizantes e inercias negativas.
 - Diseñar e levar a cabo unha campaña de sensibilización ante o uso do galego diversificada para os membros da comunidade educativa.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

2.1.3.- MELLORA DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

O que pretendemos é garantir a plena competencia do profesorado para desenvolver o seu labor docente en galego. Para conseguir iso as medidas que levaremos a cabo consistirán en:

- ☐ Achegarlles ao profesorado un resumo das novidades máis salientables con respecto aos posibles cambios na normativa.
- ☐ Poñer ao alcance de todos e todas “As normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego”.
- ☐ Facer unha tradución correcta do material educativo, cando for necesario.
- ☐ Contar con material actualizado na medida en que a economía do equipo así o permita.
- ☐ Instalar o software dos ordenadores do centro en galego, o corrector ortográfico e o tradutor enviado por Política Lingüística.

Así mesmo trataremos de contar con materiais, isto é, dicionarios semánticos, de sinónimos, bilingües...totalmente actualizados e dispoñibles para todo o profesorado.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

2.2.- PLAN ESPECÍFICO PARA O USO DO IDIOMA. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

INFORME E ANÁLISE DE ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

2.2.1.- ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA:

O alumnado que compón a comunidade educativa do IES AS Telleiras é totalmente heteroxéneo. Debido á súa situación xeográfica engloba áreas e núcleos urbanos e rurais e isto condiciona enormemente o uso real da nosa lingua.

O noso obxectivo é así diferente en cada caso. Debemos ampliar o ámbito de uso a aqueles alumnos e alumnas do medio rural, pois é sabido que usan a nosa lingua no núcleo familiar e co profesorado, pero non ocorre o mesmo cos seus compañeiros e compañeiras.

Con este tipo de alumnos imponse sobre todo o labor de normativización no ámbito da escrita e fomentar a autoestima inculcando a idea do valor da súa lingua a todos os niveis e en todo contexto.

Por outro lado, os alumnos pertencentes ao ámbito urbano usan única e exclusivamente o castelán. O traballo con eles é maior. Curiosamente son alumnos que si teñen unha valoración positiva cara á súa lingua, non teñen prexuízos e contan cun dominio escrito da mesma bastante bo. Simplemente é unha cuestión de hábitos de uso e ambiente familiar exclusivamente en castelán.

Son fundamentais as medidas que se van a levar a cabo para a consecución dunha competencia lingüística acorde co modelo que deseñamos, as estratexias didácticas e, por suposto, as medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio da lingua poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lles imparten.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

2.2.2. - ANÁLISE DAS ACTIVIDADES:

Dividirémolas en grupos dependendo do tipo de actividade, do profesorado e alumnado implicado e do obxectivo que pretendemos.

A.- Denominación da actividade: Campaña de participación como membro do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e actividades de fomento da lingua.

A.1.-Obxectivos:

- * Desenvolver a sensibilidade para gozar coas distintas expresións do patrimonio cultural e natural.
- * Valorar a riqueza que nos ofrece o noso patrimonio lingüístico, en especial a consideración de que a nosa lingua é un ben común que cómpre conservar, coñecer e defender.
- * Valorar os traballos creativos propios e alleos.
- * Promover iniciativas a favor da lingua.

A.2.- Descrición das actividades:

- Campaña de renovación dos membros do Equipo. Farémelo segundo as pautas marcadas: dous profesores e o coordinador, propostos pola CCP, tres membros do alumnado e un membro do persoal non docente.
- Corrección lingüística de carteis, indicacións, notas... visuais do centro.
- Actualización do taboleiro e da páxina web do EDLG, con todas as novas referentes á nosa lingua.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

B.- Denominación da actividade: Celebración das festas tradicionais e culturais do ciclo anual.

B.1.-Obxectivos:

- Achegar os rapaces e rapazas ás raíces culturais do seu contorno.
- Procurar o coñecemento e valoración da expresión cultural das comunidades nas que naceron ou se desenvolven.
- Traballar a adquisición de vocabulario e familiarización coas expresións e manifestacións relacionadas con cada unha das celebracións.
- Contribuír ó fomento da autoestima e autovaloración da nosa lingua.
- Poñer en coñecemento a vida e obra dalgún autor.
- Dar a coñecer a relevancia dalgunha figura homenaxeada.

B.2.- Descrición das actividades:

- Nadal 2019: Concurso de tarxetas de Nadal ou similar, no que se valorará a orixinalidade.
- Entroido 2020: Concurso de máscaras de Entroido: valorarase a recuperación e difusión de elementos, materiais e motivos tradicionais do Entroido galego.
- Efemérides da nosa cultura ou aspectos sociolingüísticos en xeral. Incluiría a homenaxe a algún autor ou autora por medio de recitado de poesías, asistencia a representacións teatrais de obras do autor/a homenaxeado e/ou participación no acto de homenaxe a través da música, da maxia ou da literatura.
- Semana das Letras Galegas: Colaboración na homenaxe á figura destacada neste ano (Carballo calero) e exposición da vida e labor literario e/ou artístico deste autor. Trataremos de profundar no coñecemento do persoeiro mencionado e conectalo con outros autores/as da súa época.

Programación páxina 9



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

C.- Denominación da actividade: Colaboración con outros centros, entidades.

C.1.-Obxectivos:

- Interese por expresar as propias ideas, sentimentos e fantasías mediante diferentes formas literarias.
- Valoración da lingua como manifestación cultural colectiva.
- Fortalecer os vínculos entre persoas, culturas e linguas próximas.
- Recoñecer a valía do galego para dar a coñecer a literatura universal.
- Conxugar o emprego da lingua coa creatividade artística.
- Coñecer outros lugares cos que temos algún elo histórico, cultural ou lingüístico.
- Compartir experiencias con alumnado de diferentes centros

C.2.- Descrición das actividades:

- Certame literario 'Carmela Loureiro' organizado polo Concello de Ferrol.
- Certame Intercentros do concello de Narón, que naceu coa finalidade de conmemorar o Día das Letras Galegas, exaltando a nosa lingua, fomentando a súa normalización e amosando a nosa cultura e realidade.
- Certame de Poesía e Imaxe: “En galego sen filtro”. En fases sucesivas de selección, o certame consiste na procura de textos poéticos da literatura universal, a súa tradución ao galego e, finalmente, elaboración de imaxes alusivas a eses textos. Unha vez publicados os seleccionados farase unha exposición rotativa intercentros.
- Ciclo de cinema “En galego, de película”. Con esta actividade pretendemos familiarizar aos alumnos con distintos ámbitos da cultura da nosa lingua, asistindo así á proxección de diferentes películas en galego no cine.

Programación páxina 10



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

D.- Denominación da actividade: Exposición oral.

D.1.- Obxectivos:

- Expresarse oralmente con coherencia, corrección, creatividade e adecuación ás necesidades comunicativas.
- Utilizar harmonicamente todos os recursos expresivos, tanto lingüísticos como non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas.
- Fomentar o uso oral da lingua.
- Impulsar a creatividade musical.
- Vincular a lingua coa mocidade.
- Fomentar o gusto polo teatro.
- Entender o teatro como unha manifestación cultural importante.
- Favorecer a escoita en lingua galega de obras galegas ou doutras culturas.
- Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente como no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Fomentar os valores identitarios e diferenciais da cultura galega.
- Difundir os traballos realizados polos alumnos e alumnas nas aulas.
- Reflexionar sobre a realidade do contorno, as noticias de actualidade e as novidades do centro.
- Achegar os rapaces á expresión escrita por medio do formato de texto periodístico.
- Contribuír ó uso da lingua galega no centro e no ámbito de influencia.

Programación páxina 11



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

D.2.- Descrición das actividades:

- Actividades de expresión oral como: Recitado de poemas, exposición dunha lenda, conto popular, relato, monólogo, diálogo, representación teatral e/ou canción. A exposición debe ser feita de memoria e valorarse a dicción e posta en escena. Planificamos esta actividade como un acto de preparación para o “Certame Intercentros “
- Teatro. Asistencia a representacións teatrais de interese sociolingüístico ou literario

E. Denominación da actividade: Campaña de fomento da lectura en galego.

E.1.- Obxectivos:

- Ler con fluidez, comprensión e actitude crítica, valorando a lectura como fonte de pracer, ampliación de experiencias, coñecemento do patrimonio cultural e como estímulo para unha práctica literaria propia.
- Cubrir as necesidades de material tanto para uso do alumnado como do profesorado.

E.2.- Descrición das actividades:

- Obra ilustrada en varias linguas: proxecto en varias fases.

a) Concurso de Relato Breve ou de poesía: Creación dun relato seguindo unhas pautas dadas, por exemplo determinada extensión, temática relacionada coa lingua galega...Esta fase conta coa colaboración do Departamento de Lingua Castelá e Lingua Galega.

b) Concurso de Ilustración do Relato ou poema gañador do certame anterior. Neste caso o Departamento colaborador será o de Plástica.

c) Tradución do relato a diferentes linguas. Contamos coa colaboración do Departamento de Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Francés.

d) Maquetación e impresión do traballo resultante utilizando as ferramentas TIC. Este apartado corresponde aos departamentos de Tecnoloxía e Informática.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

● Elaboración dunha revista literaria

Partindo do galego como lingua base, pretendemos elaborar unha revista literaria que inclúa, entre outros apartados:

- a) creación literaria en calquera dos xéneros.
- b) información sobre autores e autoras da literatura universal.
- c) recomendacións de lecturas.
- d) Ilustracións axeitadas a cada apartado.

A elaboración estará aberta a toda a comunidade educativa e a todas as linguas posibles aínda que -como dixemos antes- tendo a lingua galega como pedra de alicerce e de uso maioritario.

Esta actividade realizarase ao longo de todo o curso.

F. Denominación da actividade: Aproveitamento das novas tecnoloxías.

- Páxina web. A través dela informaremos de todos os concursos, novidades do equipo, etc.. Os carteis en papel serán de carácter máis visual e remitirán á nosa páxina web.

2.2.3.-TEMPORIZACIÓN:

A maior parte das actividades que nos propoñemos realizar enmárcanse temporalmente nalgún trimestre en concreto, condicionado isto pola temática da actividade en si, isto é, campaña de renovación dos membros do equipo no primeiro trimestre, actividades de Antroido na celebración do mesmo, ó igual que as actividades da Semana das Letras Galegas, os diferentes concursos promocionais da nosa lingua ou a participación nos certames como Intercentros, obras teatrais, concertos de música en lingua galega segundo se oferten ou se desenvolvan.

Outras actividades ocúpannos todo o curso, como poden ser as actividades coas ferramentas TIC, representacións teatrais ou a revista literaria.

2.2.4.- DESTINATARIOS DAS ACTIVIDADES:

Alumnos e alumnas de Educación Secundaria e de Bacharelato.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

2.2.5.- RECURSOS UTILIZADOS E PROFESORADO IMPLICADO:

Nos recursos humanos incluímos a toda a comunidade educativa e como recursos materiais englobamos todas as instalacións do centro: pavillóns, salón de actos, bibliotecas, aulas de informática, aulas de audiovisuais, tecnoloxía, ademais de todos os medios audiovisuais e informáticos con que contamos.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Narón, 1 de outubro de 2019

Coordinadora do Equipo

Visto e Prace da Directora

Asdo. Eva M^a Ríos Vázquez

Asdo. Cristina Alves Ferreira